



REDE GALEGA DE EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL

regaeder@gmail.com

SOMOS

unha comunidade de persoas, colectivos e entidades que planifican, traballan e habitan lugares, rueiros, aldeas e vilas vencelladas por un fío transversal común: preservar e desenvolver o medio rural galego.

CONSTRUÍMOS

esta Rede froito de varias circunstancias propiciadas, entre outras, polo traballo educativo e comunitario desenvolvido dende hai máis de corenta anos por colectivos de mestres/as, pola multitude de proxectos senlleiros de desenvolvemento sociocomunitario rural espallados polo territorio rural galego, e mesmo polo pouso de diferentes encontros de debate organizados nos últimos tempos sobre o Medio Rural Galego dende a perspectiva da educación.

ESTAMOS PRESENTES

nesta comunidade transversal de persoas, garantindo representatividade e participando na súa conformación, un amplo e salientable abano de entidades do rural composto por asociacións e/ou federacións veciñais; de nais e pais (ANPA); de asociacións culturais e etnográficas; de asociacións e entidades de conservación do patrimonio galego; organizacións sindicais docentes e agrarias; colexios profesionais; movementos de renovación pedagóxica; profesorado das universidades galegas e expertos en diferentes disciplinas do desenvolvemento rural; asociacións e/ou federacións ecoloxistas galegas; movementos ecolectivos da loita pola igualdade de xénero; mancomunidades de montes; centros de desenvolvemento rural; grupos de consumo responsable; persoas produtoras que viven do rural; e por suposto, persoas individuais defensoras do rural...; en definitiva, as diversas expresións do ruralismo.

FUNCIONAMOS

por medio de asembleas abertas que se van convocando por todo o territorio rural galego.

FORMULAMOS TRES EIXES DE TRABALLO

1. Construír e consolidar a propia Rede para o Desenvolvemento Rural Galego.
2. Instar a definición e elaboración dunha nova Estratexia Integral de Desenvolvemento Rural por parte da Xunta de Galicia.
3. Promover un Anteprojecto de Plan Específico de Educación para o Rural.

APOSTAMOS POR

1. Preservar e desenvolver un rural con acenos antropolóxico-culturais propios.
2. Configurar un amplo grupo de acción interdisciplinario comprometido coa análise e procura de alternativas para afrontar o deterioro do rural.
3. Formular demandas, coas oportunas propostas de solucións, diante dos axentes responsables.
4. Dignificar e dinamizar o ámbito rural en todos os aspectos, de xeito comunitario, interxeracional e coa debida revalorización da cultura popular.

CONTACTO

regaeder@gmail.com



REDE GALEGA DE EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL

regaeder@gmail.com

OBXECTIVOS DA REDE GALEGA DE EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL

A Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural xorde como reacción ante a situación de xeral desfeita que sofre o mundo rural. Dentro dunha conformación de pluralidade, constitúese esta Rede co vencello dunha inquedanza común por preservar e desenvolver o rural galego.

O *Documento Base da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural*, xunto co *Documento da Mesa Galega de Educación no Rural*, anexos á presente declaración de intencións, recollen a contextualización, os principios e fundamentos, así como os puntos principais que conforman esta iniciativa.

Obxectivos desta Rede

1. Configurar un amplo grupo de acción interdisciplinario comprometido coa análise e procura de alternativas para afrontar o deterioro do rural.
2. Afondar na investigación das causas da situación límite na que se atopa o ámbito rural, para chegar á formulación de solucións, fundamentadas moitas veces en referencias exitosas.
3. Promover unha rede de grupos de traballo que cubra o mapa galego coa finalidade de reflexionar, debater, fomentar, consensuar e espallar propostas.
4. Emprender accións conxuntas orientadas a unha atinada política de desenvolvemento global do país na que se integre un plan de educación específico para o rural galego.
5. Constituír un equipo interdisciplinario con capacidade para defender as bases iniciais de cara a formular o anteproxecto dun plan estratéxico de desenvolvemento global, dende o que se conciba a mencionada planificación educativa específica para o rural galego.
6. Artellar un funcionamento asembleario que integre diversos niveis de investigación-acción que traballen paralelamente e de xeito simultáneo.
 - I. Institucional: No que procede que se implique a Xunta de Galicia mediante a participación de persoal cualificado das Consellerías de Medio Rural, Educación e Asuntos Sociais, asumindo os custos derivados da planificación, experimentación e execución do mencionado anteproxecto.
 - II. Investigador: Integrado por representantes da Universidade e por outras persoas expertas nas diversas áreas.
 - III. Redactor de conclusións, propostas e documentos.
 - IV. Participación das bases mediante un sistema organizativo e unha crítica construtiva. Serán misións primordiais:
 - Promoción de grupos de traballo de base, por áreas e temáticas de interese, conectados activamente mediante a Rede.
 - Dinamización en clave interactiva de contribucións de comunidades, organizacións, colectivos e colaboracións individuais.
7. Visibilizar un punto de encontro, físico e virtual, como núcleo dun amplo tecido social e institucional, no que poidan converxer diversas forzas de entidades, organizacións e persoas

a título individual, preocupadas polo presente e o futuro do país: Universidades, Movementos de Renovación Pedagóxica, Anpas, Mesa Galega de Educación no Rural, grupos políticos parlamentares, sectores produtivos autónomos (agrogandeiros, pesqueiros, forestais), colectivos impulsores de alternativas experimentais, organizacións sindicais, asociacionismo de consumo, tecido social de comunidades, e asociacións dinamizadoras da cultura e defensoras do patrimonio material e inmaterial.

8. Consolidar un equipo coordinador co obxecto de recoller e espallar as iniciativas que na actualidade se moven con moi escasa visibilidade a nivel galego. Así mesmo, e co propósito de promocionar novas iniciativas, crearíanse grupos asesores e bancos de experiencias exitosas ou de boas prácticas, para as distintas áreas de desenvolvemento, mesmo tomando aquelas referencias do pasado que non perderon actualidade.
9. Controlar as medidas implantadas ou consentidas pola Administración. Asumindo unha función de observatorio, é preciso un equipo que ampare e oriente as expectativas coherentes co anteproxecto. Neste senso, tería a misión de realizar o seguimento e a valoración de cada intervención das institucións públicas ou de entidades privadas que, de xeito substancial, afecten ao desenvolvemento do mundo rural.
10. Formular demandas, coas oportunas propostas de solucións, diante dos axentes responsables.
11. Dignificar e dinamizar o ámbito rural en todos os aspectos, de xeito comunitario, interxeracional e coa debida revalorización da cultura popular.



REDE DO RURAL

REDE GALEGA DE EDUCACIÓN E DESENVOLVEMENTO RURAL

regaeder@gmail.com

INFORMA arredor de asuntos relacionados co mundo agropecuario e forestal, dende unha perspectiva sostible, humanizada e ecolóxica. Incentiva a promoción do medio rural, ben sexa o patrimonio antropolóxico-cultural e etnográfico galegán, ou o desenvolvemento sostible do modo de vida agrogandeiro.

REFLEXIONA a través da análise crítica, construtiva, con fundamento, meditada e debatida no fondo e na esencia, feita con rigor; sobre aquelas situacións, circunstancias, formulacións ou propostas que afecten ao medio rural.

OPINA por medio do seu espazo para a opinión, seguramente subxectiva, pero ben fundamentada sobre unha morea de aconteceres ou feitos da vida cotiá e da contorna socioeconómica na que nos atopamos.

ESTUDA e divulga artigos de investigación e datos que interesan á xente do rural sobre experiencias exitosas con modelos educativos, novos xeitos de organización comunitaria, cooperativización de consumos e insumos, de maquinaria, de servizos; novas tecnoloxías da comunicación e a súa aplicación ao desenvolvemento rural; saúde e menciña, mantenza e nutrición sa; enerxías renovables, eficiencia e aforro enerxético nas vivendas e anexos, materiais e técnicas construtivas respectuosas co medio.

REACCIONA denunciando situacións inxustas polos abusos e malas xestións das Administracións públicas ou empresas depredadoras da riqueza común, cometendo agresións contra o medio natural e contra as persoas que alí residen. Trátase de apoiar e organizar respostas dinámicas, esixentes, fundamentadas e transformadoras, promovidas pola xente do rural.

COOPERA E CONSTRÚE ALTERNATIVAS por medio de propostas e accións de traballo físico e intelectual, de carácter cooperativo, para dotar de servizos públicos de educación, dependencia, servizos sociosanitarios e transporte a un rural con futuro; para preservar o patrimonio material e inmaterial da comunidade rural, para promover a valorización e a custodia do territorio; desenvolvendo un modelo de equilibrio socioeconómico dende unha perspectiva igualitaria e sostible.